

Exaltación duns doces únicos

Declarada de Interese Turístico de Galicia, a Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide, cita gastronómica máis importante da comarca, exaltarán e poñerán en valor os doces locais esta fin de semana na vixésimo oitava edición da mesma.

Organizada polo Concello, esta pretende promocionar o gran atractivo cultural, patrimonial, inmaterial e culinario dun xeito de fabricar único, especialmente dos Ricos, que so se elaboran nesta área e que se caracterizan pola súa forma alongada e a súa dureza exterior. Este ocupará un papel protagonista á altura do produto estrela, as rosquillas pequenas bañadas en azucre que lle dan nome á celebración; e dos amendoados.

Todos eles serán ofrecidos nos stands das máis de vinte casas de mestres reposteiros (destacando O Estilo, Casa Melchora, A Tahona e O Trisquel) que estarán situados na praza do Convento, epicentro dos festexos. Estes abrirán as súas portas mañá, das 12.00 ás 21.00 horas, e pasado, das 11.00 ás 19.00 h, recibindo entre as dúas datas a unhas 20.000 persoas aproximadamente. Ademais, tamén ofrecerán licores, artigos de todo tipo e mesmo xeados artesanais.

Nesta ocasión, o pregoeiro será o recoñecido cocifeiro con dúas estrelas Michelin e tres soles Repsol, Paco Roncero. Lerá o seu manifesto o domingo ao mediodía, malia que este próximo serán, ás 19.30 h,



OS IRMÁNS TORRES, pregoeiros da última edición, mercado nun dos stands. Foto: Efe

guiará un showcooking, con prazas limitadas, na Viñoteca Ribeirao.

O apartado musical tampouco podía faltar completando o programa, polo que terán gran importancia dentro del. Así, a primeira velada pecharase, a partir das 22.00 h, cos concertos a cargo de Claudio Spadi, músico oficial de Florencia, Italia;

La Penúltima, agrupación tributo a Joaquín Sabina; e Gin Toni's.

Para o domingo, a animación ao longo da xornada compartirase entre o grupo Froito Novo, a Banda de Música de Arzúa, o artista italiano, a charanga Santa Compañía e o espectáculo para cativos de Radio Bule Bule, encargándose do peche o conxunto

recomendados

Sábado 11

12.00 H. Apertura de stands

19.30 H. Showcooking doce co chef Paco Roncero na Viñoteca Ribeirao

22.00 H. Concertos de Claudio Spadi, La Penúltima e Gin Toni's

Domingo 12

12.30 H. Pregón e entrega dos títulos aos embaixadores dos festexos

20.00 H. Actuación musical do grupo Milladoiro como fin de festa

galego folk Milladoiro, que actuará na praza do Convento.

A maiores, entre os actos institucionais sobresaie a entrega dos títulos de nomeamento de embaixadores e embaixadoras da festividade deste ano, o cal conducirá a presentadora do espazo da TVG *Aquí Galicia*, Lucía Rodríguez. Recibirán esta condecoración, a parte do divulgador, o coñecido actor Marcos Pereiro, no décimo quinto aniversario do dúo cómico As Cantareiras de Ardebullo; a reposteira e instagramer Isabel Pérez de Aliter Dulcia; o triatleta gañador de tres Copas do Mundo Uxío Abuín; o xornalista gastronómico Jorge Guitián; a directiva de Aceites Abril Elena Pérez Canal; a chef María Varela de A Parada das Bestas; Miguel Ángel Liboreiro de O Tobo do Lobo; e o director do CIFP Carlos Oroza, Manuel Hermo.

BRAIS FDEZ./MELIDE

Cafetería y Pastelería **Estilo**

Sabores de tradición

ESPECIALIDADE EN MELINDRES AMENDOADOS E RICOS

Teléf.: 981 505 153
C/ Progreso, 6 / MELIDE (A Coruña)

SANGUIAO

SEGUROS - ASESORÍA

981 507 878 Principal • 981 506 162 Fax
Antonio Prado Díaz, 14 Bajo - 15800 - Melide

casa alongos

CASA DE COMIDAS, VINOS Y LICORES

Rúa Camiño Vello de Santiago, 5/N Melide (A Coruña)
T. 981 506 392 / M. 686 312 851
www.casaalongos.com

Queixeiros artesanais de sempre

TERRA DE MELIDE QUEIXOS

Orois-Melide-A Coruña • T. 981 808 009
terrademelide@deza.com
www.lacteosterrademelide.com

As nosas marcas: TERRA DE MELIDE PROLACAR

OS NOSOS PREMIOS XX CATA DOS QUEIXOS 2017: 6º posto en Queixo Tetilla 5º posto en Arzúa-Ulloa

TRISQUEL

pastelería

Rúa Doutor Novoa Santos, 32 • 15800 Melide - A Coruña
T. 981 505 098 - 654 217 798 • Pastelería Trisquel

TOQUES

Panadería Pastelería Cafetería

Avda. de Lugo, 31 - Melide • T. 981 505 181
Souto - Toques • T. 981 504 880

Especialidad en empanadas y tartas variadas.

Pollos asados para llevar.

Parrillada RUA

Especialidad en:

PESCADOS Y CARNES A LA BRASA

Tfno. 981 506 076 - Avda. de Lugo, 6 • MELIDE (A Coruña)

GANADERÍA

"L. QUINTAS"

- Granja de porcino
- Plantación de pino gallego

Km. 555
Estrada Lugo-Santiago
MELIDE - (A Coruña)
Teléfono: 670 062 243
(de 21.00 a 23.00 h)

FINCA RÍO SECO

Degustación, pesca, música e cultura

Seguindo unha liña continuísta, Sigüeiro e os seus establecementos exaltan esta fin de semana a troita, peixe típico dos seis ríos que atravesan a súa xeografía, nunha nova edición, a vixésimo terceira, da festa, no décimo aniversario da declaración como de Interese Turístico de Galicia. Os actos, divididos entre a praza de Isaac Díaz Pardo e a Alameda de Góis, comezarán hoxe á noite e transcorrerán até o domingo, cunha programación variada.

No plano musical, o festival Oroso en Vivo traerá os espectáculos dalgúnhas das principais orquestras da comunidade, as cales actuarán ata altas horas da madrugada. Abrirán bocado, a partir das 22.30 h, a Panorama e a Ibiza; collerán mañá o testigo, a Olympus e a Finisterre; e pechará este evento a verbena final, desde as 19.30 h, a cargo de Principal e Gran Parada.

Neste apartado, diferentes conxuntos animarán as rúas durante o día para o deleite de veciños e visitantes, xa que se agarda que pasen arredor de 30.000 persoas. Protagonizarán estes momentos os pasacalles das charangas Os Atrevidos e Os Celtas; os concertos das asociacións folclóricas Lembranzas do Tambre e Buxos Verdes, e da cultural Néboas no Cumio, así como a actuación da Banda de Arca.

Ligado aos festexos, desenvolverase tamén o tradicional Campionato de Pesca, tanto en categoría adulta como en infan-



REPARTO das troitas na carpa nunha edición anterior destes festexos. Foto: C. d. O.

til. O torneo dos maiores, no río Tambre, producirase ao longo de toda a xornada do sábado, resolvéndose os gañadores desta competición sen mortes entre a matinal e tarde. Pola súa banda, a dos nenos e nenas, na parque fluvial do Carboeiro, terá lugar nas primeiras horas dominicais. Ao seu remate, as autoridades entregarán os premios e trofeos de ambos concursos.

A cultura xogará, do mesmo xeito, un papel importante desde o inicio coa celebración duns obradoiros infantís, das 11.30 h

ás 13.00 h, e coa exposición Son de Campo Mulleres Rurais. Esta mostra inaugurárase co arrinque da festividade e nela haberá postos de comercio local e de artesanía.

Con todo, a data grande será a que sirva de colofón. Nesta, sen contar os acordos dos grupos matinais, destacará pola animación aberta, ás 12.30 h, de Barafunda, que representará o labor dos pescadores. A continuación, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, encargárase de ler o pregón popular,

recomendados

Venres 10

22.30 H. Inicio do festival Oroso en Vivo coas orquestras Panorama e Ibiza

Sábado 11

9.00 H. Arrinque Campionato de Pesca
12.00 H. Inauguración da exposición Son de Campo Mulleres Rurais

Domingo 12

13.30 H. Pregón de Antonio López
14.30 H. Degustación na Alameda

dándolle paso así á degustación nas dúas carpas instaladas.

Esta gran comida atraerá a moita xente con gañas de probar este manjar, o cal se repartirá nun menú pechado, acompañadas de polbo, carne ao caldeiro, bebida, sobremesa, café e chupito. Os tickets deste xa están a venda a un prezo de 27 euros.

LOCAIS PARTICIPANTES. Un total de vinte e tres bares de toda a localidade participarán activamente na exaltación deste produto, preparándoo de distintas maneiras orixinais, repartidas coas consumicións, co obxectivo de que seduzan aos seus numerosos amantes.

BRAIS FDEZ./OROSO

25 ANOS os carballos
AL SERVICIO DEL CLIENTE

TU ESTACIÓN DE SERVICIO
os carballos
Deixebre Oroso A Coruña

GASÓLEO A DOMICILIO
981 680 606
www.gasoleosocarballos.es

CEPSA



Si ves á festa da



tes que vir a

EL CORTEÉS

Esperámoste!

SILVIA SUÁREZ
FOTÓGRAFOS

Xuncal 14 · Sigueiro (Oroso)
981 694 974
606 026 888

info@silviasuarezfotografos.com · www.silviasuarezfotografos.com

Un grupo de profesionais dedicados ao estudo e confección da túa declaración nas mellores condicións económicas para ti

Renta 2018
del 2 de Abril al 1 de Julio

En rafra, si contratas un seguro de vida durante a campaña da renda, esta saeche gratis (1)

(1) Primas superiores a 150,00 €

RAFRA

Dende 1981 ao teu carón

siguenos en www.rafra.com
info@rafra.com tño. 981 688 900

“Agradanos moito a implicación da hostalaría”

MANUEL MIRÁS
Alcalde de Oroso

Encargados da organización dos festexos, o goberno de Oroso ten todo preparado para esta fin de semana. Milleiros de persoas acudirán a degustar as súas troitas, polo que montaron un dispositivo para que todos o pasen en grande.

Que previsións teñen para esta edición?

As previsións son bastantes boas, xa que agardamos contar con moi bo tempo. Trátanse duns festexos que conxugan catro partes: a deportiva, coa pesca; a cultural, polo teatro na rúa ou as actividades de nenos e maiores; a gastronomía, que é o buque insignia; e as verbenas populares, coas mellores orquestras de Galicia. Este curso mesmo aumentamos o número de actos, polo que atraeremos a moita xente, a cal deixará no pobo un beneficio importante.

Estamos ante unha das celebracións gastronómicas con mellor saúde?

Así é. Declarada de Interese Turístico de Galicia, estamos traballando xa para que

sexa tamén nomeada de Interese Nacional. Todos os anos, aos 30.000 ou 35.000 persoas que veñen asegurámoslle moita troita para degustar e moita actividade na rúa.

De onde ven a vinculación de Sigüeiro con este produto?

A troita de Sigüeiro lévase facendo toda a vida. Antes era de río, pero agora como se prohibiu a súa comercialización, son de piscifactoría. Representa un gran atractivo, polo que repartiremos durante catro horas uns catro centos quilos nas carpas, aos que se lle suman outros trinta e cinco ou corenta por cada un dos vinte e tres bares que participan na degustación. Así, en total, haberá entre tres mil quiñentos e catro mil quilogramos para tódolos visitantes.

Ligado a este peixe, que importancia teñen os ríos?

Oroso non é dos concellos máis grandes de Galicia -ten unha superficie de setenta e dous quilómetros cadrados- pero está atravesado por nada máis e nada menos que seis ríos, polo que supón o noso principal atractivo paisaxístico.



O ALCALDE (esq.), coa mascota Troi e Luis Rey, concelleiro de Cultura. Foto: M.M.O.

A implicación veciñal representa un dos puntos fortes dos festexos?

Efectivamente. Estamos moi satisfeitos da implicación da gran maioría da hostalaría, nese sentido. Se ben o goberno municipal ten un gasto na organización deste evento, o beneficio que xera no comercio local estes días multiplícase por dez. Ademais, traballa moita xente que gaña un diñeiro e que ao día seguinte o gasta aquí, polo que redunda no beneficio de todos.

Por último, como animaría á xente á que acuda a esta cita?

Podemos nomear varios argumentos para convencer á xente. Dicirlles que contarán con moitas opcións coas que poder desfrutar, como o mercado de artesanía, as actividades de todo tipo ou a degustación do produto. Toda aquela persoa que queira comer nalgunha das carpas instaladas, pode mercar os tickets, dos menús completos ou libres, xa desde onte e ata que se esgoten na matinal do próximo domingo.

BRAIS FDEZ./OROSO

Decoraciones RODRIGUEZ

- MOQUETAS • CORCHO • TARIMA FLOTANTE • PAVIMENTOS TÉCNICOS
- SINTASOL • FRISOS • PAPEL PINTADO • CENEFAS • PINTURAS DECORATIVAS
- SATINADOS • LACADOS • BARNICES INDUSTRIALES

Almacén: Edificio Cristal - portal 3 baixo - Barciela - Santiago • T. 981 691 551 - 649 164 653 • info@decoracionesrodriguez.es • www.decoracionesrodriguez.es

TAPAS

TROITAS PARA TOMAR E TAMÉN PARA LEVAR

Rúa do Portiño, 29 • Sigüeiro • T. 676 46 43 44

HORMIGONES DE OROSO, S.A.

Calidad y Servicio

LG. CANO VILLACID • 15688 OROSO (A Coruña)

T. 981 691 885
F. 981 691 896

OPTICA Y CENTRO AUDITIVO

Todo en gafas y audífonos
En Sigüeiro desde 1982

Rúa Camiño Real 13
baixo - Sigüeiro
Tlf.: 981 694 666
tmoptica@gmail.com

Frutas, verduras y legumbres

FROITERÍA A HORTA

C/ Xuncal • Sigüeiro

Especialidad en pescados

RESTAURANTE Y MARISQUERÍA MARIÑOS

Lugar Mariños 34
Oroso
T. 981 681 557

Policlínica Dental
Dr. Edmundo J. Castro Sabugueiro

Doctor en Odontología por la U.S.C.
Postgrado en Implantología y Cirugía Oral. U.S.C.
Postgrado en Periodoncia. U.S.C.

Col.: 15001156
Nº de Reg. San: C-15-002344

Implantología avanzada. Implantes sin dolor. Carga inmediata. Garantía en implantes y prótesis.
Cirugía Oral. Regeneración ósea.
Ortodoncia exclusiva. Ortodoncia convencional y estética. Ortodoncia Invisible Invisalign®. Niños y adultos.
Endodoncia exclusiva. Tratamiento complejos. Reendodoncias. Apicectomías.
Odontología general niños y adultos. Estética dental. Blanqueamientos.
Financiación gratuita. Se aceptan tarjetas. Pregúntenos por su seguro.

Avda. da Grabanxa, 11 - 1º A - 15888 Sigüeiro - Oroso (A Coruña) • T. 981 694 620 • M. 637 767 262

Grupo Grabanxa

autos GRABANXA

Levámoste a onde ti queiras

- Liñas Regulares
- Transporte Escolar
- Transporte Adaptado
- Transporte Discrecional

Venda de billetes por Internet en
www.autosgrabanxa.com
Polígono Industrial, parcela 57
Sigüeiro - Oroso
T/F 981 690 990